

# VOLVE, ÁFRICA

Lionel Rogosin, 1959

# 1418

ESTREA EN NUMAX: 03.12.2024 | V.O.S.G. | 86 min

Retrato das duras condicións do apartheid a través das vidas dun pequeno grupo de intelectuais locais, con dificultades para atopar traballo e obter o pase que lles permitiría desprazarse na área de Johannesburgo con liberdade.



## As engrenaxes da prosperidade económica branca

Por James Roy MacBean

Desde todos os puntos de vista, *Volve, África* é unha película emocionante. A narración episódica e inconexa mantense unida polo firme fío da observación documental das vistas e os sons e os contextos sociais das vibrantes e excitantes escenas rueiras de Johannesburgo e as súas cidades satélites adxacentes de poboación negra. A súa sensibilidade documental ten que ver coa importancia da música e dos movementos rítmicos asociados cos bailes tribais na vida cotiá sudafricana. De feito, *Volve, África*, con toda a súa dependencia respecto ás convencións narrativas ficcionais, pode ser tamén considerada un documental, non só sobre a situación xeral dos negros en Sudáfrica, senón tamén, nun sentido máis concreto, como un estudo sobre a filmación da etnomusicoloxía. Hai cancións sobre o traballo, coas súas cadencias en forma de pregunta-resposta, tan útiles para coordinar a unión. Hai bandas musicais para os desfiles nas vodas bautistas, a festa consiste en bailar pola rúa principal de Sophiatown, unha das cidades dormitorio de Johannesburgo. Os homes reúnense nos solares cheos de entullos e improvisan con timbais e representan un baile tribal. Por todas partes hai nenos con chifres.

Lonxe de mostrar a «cor local» da escena sudafricana, estas expresións musicais expoñen interesantes cuestións sobre as diferentes funcións sociais da música negra na Sudáfrica urbana. A música tribal e o baile, mesmo cando se interpreta en contornas urbanas, ofrece á xente a oportunidade de estar en contacto coas súas raíces culturais e de consolidar, socialmente, un sentido da identidade cultural, especialmente cando a interpretación ten máis que ver co sentido colectivo da expresión dos intérpretes que co interese do público (e co posible apoio monetario). Neste sentido, a presenza de Miriam Makeba –á que vemos erguerse para cantar e bailar nun grupo informal de amigos- suxire que mesmo o éxito comercial na escena musical internacional non dilúe necesariamente a integridade cultural do material musical; e un exemplo como o de Miriam Makeba pódese entender como un orgullo e unha inspiración para os demais.

Con todo, a película é enormemente clara no que respecta a os rostros comúns dos negros africanos da vida cotiá de Sudáfrica. Por riba de todo, está o rixido sistema de tránsito que permite que os brancos controlen os movementos de cada negro, que se desprazan como as engrenaxes da máquina da prosperidade económica branca, utilizándoos como unha enorme reserva de traballo humano, pero manténdoos afastados da expresión completa da súa humanidade e facendo que queden nas marxes de adañeada sociedade que o seu traballo fai posible... para as privilexiadas minorías brancas. Ademais, *Volve, África* deixa claro o vulnerables que son os traballadores negros africanos non cualificados na sociedade sudafricana, onde podían ser despedidos por mirar da maneira equivocada o seu empregador branco, por non chamalos «Señor» ou «Señora» ou «Xefe», por unirse ao partido do Congreso Nacional Africano, ou por falar de poñerse en folga.

Finalmente, a película ten o estraño mérito de recoñecer que nunha situación de tanta tensión como a que viven os negros en Sudáfrica, algunhas persoas se convarten en presas doutras; o mozo que chega á cidade recentemente saído da reserva tribal será unha presa fácil para os proxenetas, as prostitutas e os borrachos gorróns do «club social» local; eses mozos darán unha malleira ao mozo lixeiramente máis novo pola pequena cantidade de diñeiro que reuniu tocando música na rúa; ou a nova esposa cuxo marido marchou pode ser facilmente vítima de calquera home que a vexa como unha oportunidade para tomar vantaxe da situación.